

**PROXECTO EDUCATIVO DE
CENTRO
2024-2025**





ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
NOTAS DE IDENTIDADE	4
O CENTRO EDUCATIVO: ESPAZOS E SERVIZOS	11
OBXECTIVOS XERAIS	16
ENSINANZAS EDUCATIVAS OFERTADAS	18
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO	21
CONCRECIÓN CURRICULAR	25

1) INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo do IES Leliadoura define as **liñas directrices** da nosa institución docente, recollendo, entre outros, os obxectivos, valores e prioridades de actuación, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores, a atención á diversidade do alumnado, o plan de orientación e acción tutorial e o plan de convivencia.

O presente documento constitúe o **instrumento didáctico-pedagóxico** que articula a medio e longo prazo o conxunto de actuacións do equipo docente deste Centro educativo, procurando acadar a implantación e desenvolvemento das capacidades previstas nos obxectivos xerais das etapas educativas impartidas no Centro en coherencia cos obxectivos xerais do mesmo.

O Proxecto Educativo de Centro posúe un carácter aberto, práctico e susceptible de mellora segundo se vaia aplicando, polo que deberá volver a ser obxecto de estudo, análise e revisión dada a súa funcionalidade como instrumento destinado a solucionar os problemas didácticos-pedagóxicos.

Segundo o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o Proxecto Educativo de Centro deberá recoller os **obxectivos xerais, os valores e as prioridades** de actuación do mesmo. Estes tres elementos constitúen as intencións que orientan o deseño e a realización das actividades necesarias para a consecución das finalidades educativas do Centro. Han de servir como referente para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe, indicando as liñas mestras que orienten a toma de decisións curriculares sobre selección e secuenciación de contidos, metodoloxía, avaliación, e constitúen o marco de referencia para revisar e regular o currículo.

Este artigo foi modificado en algún dos seus apartados polo artigo 62 da Lei Orgánica 3/2020. Así, o proxecto educativo incorporará a concreción dos currículos establecidos, sendo competencia do claustro a súa fixación e aprobación. Asemade o proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económica, natural e cultural do alumnado do centro, así como tamén as relacións cos axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna.

Este mesmo artigo 62 tamén establece que o proxecto recollerá: a forma de atención á diversidade, medidas relativas á atención tutorial, os plans de convivencia e lectura, medidas que poidan compensar as carencias en comunicación lingüística e un plan de mellora que se revisará periodicamente.

2) NOTAS DE IDENTIDADE

2.1) DATOS IDENTIFICATIVOS

O I.E.S. Leliadoura é un centro público de ensino non universitario dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Os seus datos de contacto son:

Nome: IES Leliadoura

Enderezo: Frións, s/n

Código Postal: 15967

Poboación: Ribeira.

Teléfonos: 881 86 67 86

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleliadoura/>

Correo electrónico: ies.leliadoura@edu.xunta.gal

2.2) DEFINICIÓN E HISTORIA

O Centro inaugurouse en outubro do ano 1995 ao amparo da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) co nome de Instituto de Educación Secundaria Frións, renomeado posteriormente como IES Leliadoura. Para a súa posta en funcionamento desprazouse o alumnado e profesorado da rama Administrativa e a metade do profesorado de materias comúns do Instituto de Coroso, actualmente CIFP Coroso, e o alumnado de terceiro de secundaria dos centros adscritos e primeiro e segundo de bacharelato da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. Nese primeiro curso compaxinou o ciclo medio de Xestión Administrativa, que funcionaba de maneira experimental, coa FP2 tradicional da rama Administrativa. No curso seguinte empezou a cursarse o ciclo superior de Administración e Finanzas e o primeiro ciclo da ESO, dado que a partir dese curso implantouse definitivamente a LOXSE e os catro cursos da ESO pasaron a impartirse nos centros de secundaria. Nese momento incorporouse ao instituto o corpo de mestres. No curso 1999/2000 púxose en marcha o ciclo superior de

Desenvolvemento de aplicacións informáticas (actualmente Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma) e pouco despois o ciclo superior de Administración de sistemas informáticos (actualmente Administración de sistemas informáticos en rede) cos que conta actualmente o Centro. A ANPA do Centro constituíuse o 7 de marzo de 1996.

No curso 2022-23 a oferta de ensinanzas amplíouse coa modalidade de Bacharelato Xeral e a da modalidade Dual no ciclo superior de Administración e Finanzas.

Polo tanto neste momento, curso 2023-24, a oferta do centro comprende os seguintes grupos e ensinanzas:

- 12 grupos de ESO, nos que está incluído un grupo de PDC en 4º ESO.
- 3 modalidades de bacharelato en 1º curso: Ciencias e Tecnoloxía, Xeral e Ciencias Sociais e Humanidades.
- 3 modalidades de bacharelato en 2º curso: Ciencias e Tecnoloxía, Xeral e Ciencias Sociais e Humanidades.
- Ciclos formativos básicos: 1º e 2º curso de Informática e Comunicacions.
- Ciclo formativo de grao medio: 1º e 2º curso de Xestión Administrativa.
- Ciclos formativos de grao superior: 1º e 2º curso de Administración e Finanzas, Administración de Sistemas Informáticos en Rede e Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, todos eles en réxime ordinario. A maiores en réxime dual hai tamén o 2º curso de Administración e Finanzas, que dá continuidade ao alumnado que comezou o ciclo no curso anterior.

2.3) HORARIO XERAL DO CENTRO

Diurno (sesións de 50 minutos)

➤ **Mañá:**

- **Ciclos:** Luns a Venres de 8:00 a 14:30 h.
- **ESO e Bacharelato:** Luns a Venres de 8:50 a 14:30 h.
- **Dous recreos 20 minutos:** de 10:30-10:50 e de 12:30-12:50.

➤ **Tarde:**

- **ESO e Bacharelato:** Luns de 16:30 a 18:10 h.

2.4) ALUMNADO

O Centro ten a día de **hoxe 566 alumnos/as** repartidos entre todos os niveis e quendas existentes. A procedencia do alumnado varía segundo as ensinanzas: na ESO, maioritariamente dos centros adscritos (CEIPs de Olveira, Aguiño, Carreira e Frións; de O Grupo e de Palmeira tamén hai algún alumnado); no bacharelato, basicamente do propio centro aínda que tamén hai alumnado que vén doutros centros e concellos limítrofes e nos Ciclos a procedencia é moi variada debido a que as familias ofertadas teñen unha importante demanda social, especialmente os ciclos superiores das familias de Informática e comunicación e Administración, e non se imparten nos concellos limítrofes.

O concello de Ribeira é un dos máis poboados da provincia da Coruña (26.897 habitantes, dos 66.112 de toda a comarca da Barbanza, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2023). Este municipio atópase na costa oeste de dita provincia, limitando cos concellos de Porto do Son e da Pobra do Caramiñal. Conta cun dos portos pesqueiros de baixura máis importantes de España, polo que a maioría das familias do noso alumnado adícanse a oficios relacionados co mar; co cal podemos concluír que se adscriben a unha clase media ou media-baixa. Unha parte dos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas atópanse embarcados por extensas tempadas, polo cal non conviven habitualmente cos seus fillos e fillas. Os períodos de ausencia van dende unha semana ata varios meses (sobre todo nos que se adican á pesca de altura). En canto á demografía da zona, pódese considerar intercalar; é dicir, que combina a concentración coa dispersión xeográfica. Con respecto á tipoloxía das vivendas, predominan as vivendas unifamiliares con un ou dous pisos.

A maioría deste alumnado utiliza un servizo de transporte. Este transporte corresponde á modalidade de transporte integrado, constando de 5 liñas, cun autobús por liña. Este número de autobuses resulta insuficiente para o número de alumnado con dereito a transporte, e máis aínda cando a el hai que sumarlle o alumnado de bacharelato. Xa que logo, é necesaria unha reestruturación de

liñas, en canto a paradas e número de vehículos, cuestión que se atopa en estudo por parte da empresa e da Consellería.

Respecto á lingua falada no centro, na ESO é maioritario o emprego do galego, se ben en menor número que en anos anteriores, mentres que nos Ciclos altermase entre castelán e galego (aínda que depende do ciclo).

A participación do alumnado no Centro realízase a través da Xunta de Delegados e dos representantes no Consello Escolar.

En conxunto non é un alumnado conflitivo, aínda que, como en todos os centros, existen problemas disciplinarios aos que é necesario facer fronte desde a dirección a fin de crear un bo clima no Centro.

2.5) PROFESORADO

O claustro de profesorado está formado por 65 membros, aos que hai que engadir 2 docentes compartidos, un de relixión evanxélica e outra de pedagogía terapéutica. Sinalar que entre os 65, hai 2 docentes que teñen media xornada.

O profesorado por departamento é o que se relaciona na seguinte táboa:

DEPARTAMENTO	Nº DOCENTES
Administrativo	9
Artes Plásticas	1
Bioloxía e Xeoloxía	3
Economía	0* (*forma parte de Administrativo)
Educación Física e Deportiva	2
Filosofía	1
Física e Química	3
F.O.L.	2
Francés	2
Informática	10
Inglés	6
Latín	1
Lingua Castelá e Literatura	4

Lingua Galega e Literatura	4
Matemáticas	5
Música	1
Orientación	4
Relixión	2
Tecnoloxía	2
Xeografía e Historia	4

Nos departamentos de Orientación e Relixión, un dos membros está compartido con outros centros educativos, polo que non ten horario completo no noso centro.

Este curso temos solicitado a admisión no programa PROA+, cun docente de perfil de Pedagogía Terapéutica.+`

Cada departamento conta cun xefe/a. Ademais dos aquí mencionados existe tamén os seguintes equipos e coordinacións: Coordinación de FCT, Coordinación Abalar, Coordinación TIC, Equipo de Dinamización Lingüística, Coordinación Sección Bilingüe, Coordinación FCT, Coordinación enestar e Equipo de Dinamización da Biblioteca.

A participación do equipo docente faise a través dos seguintes órganos: claustro, CCP, Consello Escolar e as comisións que se forman dentro del.

O equipo directivo está composto por catro membros: director, vicedirectora, xefe de estudos e secretario.

2.6) PERSOAL NON DOCENTE:

Esta composto por: 2 conserxes, 4 limpadoras (unha a media xornada e 3 con xornada completa), 2 administrativos, 1 coidadora e 1 auxiliar de conversa.

2.7) RELACIÓN CO CONCELLO E A CONTORNA

Existe un contacto directo co Concello a través de Normalización lingüística, Servizos Sociais, Centro de información á muller, Xuventude e Cultura. Hai colaboración estreita coa concelleira de educación, quen forma parte do Consello Escolar. A relación do centro coas empresas da contorna é fundamental xa que é alí onde o alumnado da un paso importante, e moitas veces decisivo, na súa formación profesional, canalizándose estes contactos

por medio da Coordinación de Formación en Centros de Traballo e as titorías de ciclos e FP Básica.

Non hai que esquecer que o primeiro centro de ensinanza é a familia, polo que a relación cos pais e nais adquire unha importancia crucial dentro do labor educativo. Órgano fundamental, e de especial transcendencia, é a ANPA, contando esta con representación no Consello Escolar xunto con outros dous membros electos tamén do colectivo de nais e pais.

É moi importante que esta asociación participe activamente, colaborando co Instituto nas distintas actividades.

2.8) LINGUA DE APRENDIZAXE

A comunidade educativa do I.E.S. Leliadoura recoñece dende o seu xerme o dereito de cada membro a utilizar calquera das linguas oficiais, dentro do que en cada intre fixen as normativas estatais e autonómicas.

Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega débese procurar que o alumnado a utilice nas manifestacións orais e escritas. Os materiais que se empreguen estarán escritos en galego e terán a calidade pedagóxica e científica axeitada. En todo caso, e para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas co fin de que o alumnado que non teña suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua lles impartan.

Por outro lado, desde o curso 2010-11 o centro conta con 3 seccións bilingües galego/inglés na materia de Xeografía e Historia. Como apoio para o aprendizaxe da lingua estranxeira temos a ten a un/ha auxiliar de conversa.

Asemade, este curso o ciclo de dual de 1º de Administración e Finanzas, ten a consideración de plurilingüe polo módulo de 6 horas en inglés. Para o próximo curso daráselle continuidade ofertando o módulo de inglés como materia extracurricular.

2.9) LIÑA METODOLÓXICA

Conforme á Lei 3/2020 e aos decretos que establecen os diferentes currículos, respectando as diferenzas individuais, respecto ao persoal estilo docente de cada profesor, procurarase o consenso entre os membros da comunidade educativa, de cara a exercer a función docente consonte os valores do contexto socio-cultural no que vivimos. Concibimos o papel do

profesorado non só como simple transmisor de coñecementos senón tamén como transmisor de valores educativos cara a persoas concretas, individuais, con particularidades propias que a educación debe respectar, aproveitar, enriquecer e contribuír a desenvolver dentro dunha sociedade democrática. Deste xeito, procuraremos o reforzo de actitudes e valores como a tolerancia, o respecto, a responsabilidade, o espírito crítico e a igualdade de xénero que faciliten a socialización do alumnado. Polo tanto, fomentárase a creación dun ambiente de traballo tranquilo, no que impere o respecto mutuo, a colaboración e a reflexión.

Atenderase ás diferenzas individuais do alumnado, procurando que os novos contidos se integren dentro dos seus coñecementos previos, para que alcancen un verdadeiro aprendizaxe significativo. Pretendemos que no proceso ensino/aprendizaxe o alumnado sexa o suxeito activo e interesado; mentres que o profesorado, como especialista e experto, asuma o papel de mediador e motivador. En definitiva queremos priorizar aprendizaxes activas, reflexivas e cooperativas, conectadas coa natureza e a vida sociocultural fronte a unhas aprendizaxes pasivas, memorizadas mecanicamente.

Conforme o reflicten as **Normas de Organización e Funcionamento (NOF)** o **Plan de convivencia**, a orde e a disciplina, que son necesarios para a vida e o traballo escolar, non serán entendidos nin como rutina nin como a mera consecuencia dunha imposición, polo contrario considéranse obxectivos educativos a conseguir, procurándose non só a consecución dos mesmos, senón a comprensión da súa necesidade por parte do alumnado.

2.10) PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Este centro defínese ideoloxicamente pluralista e democrático, respectando a evolución do alumnado e tendo en conta os valores democráticos, moi especialmente os da tolerancia e o respecto, igualdade, inclusión, participación, solidariedade e resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Procuramos ofertar unhas ensinanzas proveitosas e prácticas que axuden ao noso alumnado a exercer no futuro unha cidadanía crítica, responsable e participativa, promovendo a igualdade de xénero e potenciando a igualdade de oportunidades entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición, coa finalidade de educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por

razón de relixión, sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual e previr as súas consecuencias.

2.11) MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL

O noso centro procura un modelo de xestión participativo e democrático que facilitará que todos os estamentos que o compoñen dispoñan dos medios de información, consulta e participación necesarios para garantir unha consecución dos obxectivos comúns.

A participación do alumnado é imprescindible para a súa integración no funcionamento do centro e tamén para a súa formación como persoas activas, membros dunha sociedade democrática.

En novembro deste ano, 2024, celebraranse eleccións para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar. Desde a dirección do centro promoverase, entre o alumnado e as familias especialmente, a presentación de candidaturas e a participación nas votacións.

3) O CENTRO EDUCATIVO: ESPAZOS E SERVIZOS

3.1) ESPAZOS E INSTALACIÓNS

Neste momento o Centro dispón dun edificio de tres plantas, e un pavillón anexo; o reparto dos espazos é o seguinte:

Edificio principal: 4 despachos (3 do Equipo Directivo e 1 do Dep. Orientación), 18 aulas xenéricas, taller e aula de informática de Tecnoloxía, 4 laboratorios (o de Bioloxía e Xeoloxía e o de Física, o de Química e o de idiomas), 5 aulas dos Ciclos de Administrativo, 4 aulas dos ciclos de Informática, 2 aulas de FP básica, aula de Debuxo e Plástica, aula de música, aula de informática, sala de usos múltiples (alumnado PROA+), biblioteca, sala do profesorado, departamentos, sala de ANPA/Aula de convivencia, ximnasio con baños, 2 aulas de apoio, 1 aula de educación especial, oficina, conserxería, cafetería, baños de alumnado e profesorado e un baño adaptado. Tamén hai un ascensor que vai dende a planta baixa ata o segundo andar. Conta con catro entradas ao edificio, dúas pola parte dianteira e outras dúas pola parte de atrás; das cales tres delas ademais de escaleiras, teñen ramplas de acceso. Este edificio conta cunha vivenda que está sendo utilizada por un conserxe.

Edificio anexo: pavillón con vestiarios e baños de alumnado.

O Centro conta tamén cunha ampla zona axardinada e pistas polideportivas.

Hoxe en día cada grupo dispón dunha aula propia e, ademais, existen aulas especializadas para aquelas materias que o necesiten. En calquera caso, constitúe un obxectivo fundamental seguir traballando nese senso, xa que ao ser cada grupo responsable da súa aula evítanse posibles danos, permitindo ademais unha supervisión máis eficaz. Tamén contamos con 2 aulas de pedagogía terapéutica e aula específica de educación especial.

Tamén se dispón dun aparcamento sinalizado e independente, con portal automático.

Pódese dicir que, polo xeral, o estado das instalacións é bo aínda que mellorable. Todas as aulas están dotadas de canón proxector, pantalla dixital interactiva e acceso a internet. O centro ten conexión a internet por fibra.

O maior problema do centro, é a carencia dun **salón de actos** o que obriga a empregar a biblioteca para charlas, conferencias e demais actividades do centro impedindo o normal desenvolvemento das actividades da biblioteca. Contamos cunha **sala de usos múltiples** pero o seu aforo é limitado.

3.2) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Con estas actividades reforzase a relación do instituto co seu contorno máis próximo e suporán unha motivación para o alumnado; incluíranse cada curso na programación xeral anual, despois de ser aprobadas polo consello escolar, e recolleranse nunha memoria final de cada curso. O alumnado poderá facer propostas, por medio dos seus representantes no Consello escolar.

A súa organización recaerá nos respectivos departamentos didácticos, baixo a coordinación da vicedirección. Os departamentos deberán propoñelas ao comezo de cada curso escolar utilizando o impreso que se lles facilita, cos modelos do centro, aos diferentes profesores. Unha vez aprobadas polo Consello Escolar, o equipo directivo informará semanalmente a toda a comunidade educativa das actividades (complementarias e extraescolares) que se realizarán a través duns paneis informativos que se colocarán na sala do

profesorado, nun calendario dixital posto a disposición do profesorado que o solicite e na páxina web do centro.

As actividades que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais, das nais ou dos/as titores/as legais, no caso de ser menores de idade. No caso do alumnado da ESO e para actividades que se realicen no concello de Ribeira repartiráselles dita autorización ao comezo do curso.

3.3) SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

3.3.1) Transporte escolar

O IES Leliadoura dispón de 5 rutas de transporte da modalidade integrada, realizadas todas elas por unha UTE, sendo os vehículos da empresa MONBUS. O número de autobuses non é suficiente para todo o alumnado con dereito a transporte, algo que se ven sucedendo nos últimos 3 cursos. Malia os múltiples informes enviados ás consellerías de Educación e Mobilidade, responsables do servizo, e á empresa de transporte, xunto coas innumerables queixas presentadas polas familias, algunha das deficiencias seguen sen solucionarse a comezos deste curso 24-25.

As 5 rutas de transporte integrado que prestan servizo ao centro son as que se detallan a continuación, xunto coas paradas que teñen cada unha delas:

RUTA XG8475201	RUTA XG8470701	RUTA XG8475301	RUTA XG8470801	RUTA XG8470601
O Touro	Cruce Aguiño	Salmón	Padín	Lagoiña
Camiño da Auga	Cerca	Oleiros	Ribeira (Lonxa)	Fonte
Ameixida	Cruce Couso	Muíños	Ribeira-Estación	Palmeira
Castiñeiras	Graña	Axeitos	Tótem	Palmeira-cemiterio
Areiros	Vixán-Pedriña	Bretal	Centenario	Salñas
Victoria	A Capela-Carreira	Cámping Dunas	Abesadas	Caramcheiro
Conservatorio	Vilar	Atalaia	Mámoa	Fontao
Porto	Instituto	Corrubedo	Cruce Vilar	Antoxo
Aguiño (centro médico)		Corrubedo Arriba	Instituto	Deán
Aguiño		Cruce Espiñeirido		Remedios
A Igrexa		Cruce Sirves		Conlleira
Cruce Aguiño		Bar Leré		Instituto
Carreira		Panadería Ramona		
Carreira-Campos		Artes-Igrexa		

Instituto		Outeiro		
		Conlleira		
		Rotonda Xarás		
		Instituto		

3.3.2) Biblioteca

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Segundo as instrucións ditadas para o curso 2024-25, co fin de promover e garantir o bo funcionamento das bibliotecas, establécese que:

- O centro deberá establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, así como a outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico.
- O equipo directivo deberá tomar as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo.
- Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro (entre un 5% e un 10% do orzamento deste).
- O espazo da biblioteca deberá organizarse en función das prácticas que interesa incentivar e das experiencias que se pretenda estimular.
- Esta biblioteca deberá ser cada vez máis unha biblioteca inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física e virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas.

- A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

- A biblioteca deberá concibirse como mediadora das lecturas no centro, polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin, o equipo da biblioteca deberá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.

- A utilización habitual desta biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe (LIA), e como “centro creativo das aprendizaxes”, concirne a todo o profesorado, a todas as áreas, etapas e niveis, así como a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

- O Proxecto Lector de Centro deberá ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.

- A biblioteca escolar incorporará ás familias (na medida do posible e a través de distintas fórmulas), co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como persoas usuarias críticas de información e dos medios de comunicación.

Para un bo funcionamento da biblioteca e unha boa organización da mesma é necesario contar coa figura do/a **profesor/a responsable da biblioteca** que ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal.

Así, as funcións do/a **profesor/a responsable da biblioteca** serán:

- Organizar os fondos da biblioteca.
- Recompilar e xestionar todo o material novo que chegue ao centro, así como o elaborado polo alumnado.
- Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
- Difundir, entre a comunidade educativa, materiais didácticos e información pedagóxica e cultural. Organizar o servizo de préstamo.

- Colaborar na planificación e o desenvolvemento do traballo escolar, favorecendo a utilización de diferentes recursos documentais.
- Coordinar ao profesorado con horario de atención á biblioteca para que poidan atender os alumnos e alumnas que utilicen a biblioteca, facilitándolles o acceso a diferentes fontes de información e orientándolles sobre a súa utilización.
- Coordinar o proxecto de adquisicións de fondos, recollendo as suxestións dos diversos departamentos do Centro, de xeito que se realice unha actualización equilibrada dos mesmos.
- Artellar a cooperación coas outras bibliotecas do contorno.
- Presentar á Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) as cuestións referentes á xestión, organización e mantemento da biblioteca.
- Asesorar a expurga de fondos documentais da biblioteca, que pasarán a formar parte do fondo histórico.

Tamén existirá un **equipo de apoio da biblioteca** que terá as seguintes funcións:

- Participar xunto co responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Elaborar unha listaxe de adquisicións de material que recolla as suxestións dos diferentes departamentos, así como dos alumnos e alumnas, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos.
- Recoller as propostas do alumnado para desenvolver as actividades da biblioteca.
- Reunirse periodicamente para avaliar a consecución dos obxectivos previstos no Proxecto de Biblioteca e modificar o que sexa necesario. Para facilitar isto o equipo terá unha hora de reunión semanal dentro do seu horario individual de permanencia no centro.

4) OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

4.1) DE ÁMBITO PSICOPEDAGÓXICO

- Fomentar o desenvolvemento integral do alumnado.
- Dotar ao alumnado da formación adecuada para un axeitado exercicio da profesión elixida ou para unha axeitada elección dos seus itinerarios educativos.
- Fomentar o autoaprendizaxe, a resolución e a iniciativa do alumnado para resolver problemas, superar retos e acadar obxectivos.
- Estimular o pensamento crítico e reflexivo do alumnado.
- Fomentar o coñecemento e uso de técnicas e hábitos de traballo, integrando o uso das novas ferramentas da sociedade da información.
- Potenciar a actividade orientadora e titorial.
- Enxerir a acción educativa dentro do contexto sociocultural do alumnado, incorporando ás programacións obxectivos e contidos relacionados co seu entorno por medio da apertura do centro á cidade.
- Organizar o grupo-clase de forma que se favoreza o aprendizaxe cooperativo entre os membros do mesmo.
- Facer da avaliación, por unha banda, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral e de cada alumno en particular e, por outra, un instrumento de motivación e autoestima.
- Potenciar o uso da lingua galega e o estudo dos distintos aspectos da nosa cultura.

4.2) DE ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Adaptar o centro ás modificacións lexislativas de ámbito estatal e comunitario que afecten ao eido educativo dun xeito equilibrado.
- Favorecer a discusión sobre o proceso educativo e a coordinación entre docentes.
- Estimular o funcionamento harmonioso e dialogante dos distintos estamentos.
- Favorecer a relación do centro con outros e co resto da sociedade.
- Fomentar o contacto coas empresas do entorno de cara á realización de prácticas por parte do alumnado, así como de promover a actualización das

ensinanzas profesionais.

4.3) DE ÁMBITO HUMANO

- Potenciar o diálogo como método de resolución de conflitos, utilizando a mediación nos supostos aos que lle sexa aplicable por mor dunha voluntariedade das partes.
- Promover o respecto entre as persoas, independentemente do seu xénero, orientación sexual, idade, nacionalidade ou relixión.
- Impulsar as vías de participación efectiva dos pais e o alumnado na marcha do centro.
- Estimular a participación do profesorado en actividades de formación.

4.4) DE ÁMBITO MEDIOAMBIENTAL

- Promover o coidado do medio natural e do entorno no que convive o alumnado, en particular o do centro e as súas instalacións.
- Promover o respecto pola identidade paisaxística e pola diversidade biolóxica que existe na contorna na que vive o alumnado.

4.5) DE ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

- Estimular o pensamento crítico como ferramenta para combater as crenzas pseudocientíficas.
- Promover o uso de procedementos baseados na observación, a experimentación e o razoamento lóxico para resolver problemas prácticos da vida cotiá.
- Fomentar o coñecemento do corpo humano, para desenvolver hábitos de vida saudables e previr enfermidades.
- Potenciar o análise crítico sobre a evolución da ciencia e da tecnoloxía, así como a súa influencia sobre o medio natural e a sociedade.

5) ENSINANZAS EDUCATIVAS OFERTADAS

A oferta educativa de centro poderá variar cada curso escolar en función da normativa vixente e do que se aprobe no Consello Escolar. Nos cadros que se amosan a continuación temos as distintas ensinanzas que se poden cursar no centro coas correspondentes materias optativas.

ESO							
1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO	
MATERIA	HORAS	MATERIA	HORAS	MATERIA	HORAS	MATERIA	HORAS
L.GALEGA	3	L.GALEGA	3	L.GALEGA	3	L.GALEGA	3
L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3
INGLÉS	3	INGLÉS	3	INGLÉS	3	INGLÉS	3
MATEMÁTICAS	4	MATEMÁTICAS	4	MATEMÁTICAS	4	MATEMÁTICAS A/B	4 ¹
XEOGRAFÍA E Hª	3	XEOGRAFÍA E Hª	3	XEOGRAFÍA E Hª	3	XEOGRAFÍA E Hª	3
ED. FÍSICA	2	ED. FÍSICA	2	ED. FÍSICA	2	ED. FÍSICA	2
BIOLOXÍA E X.	3	FRANCÉS	2	BIOLOXÍA E X.	2	RELIXIÓN/PRO. COMPETN.	1
FRANCÉS	2	FÍSICA QUÍMICA	3	FÍSICA QUÍMICA	2		
PLÁSTICA	2	TECNOLOXÍA	3	EVCE	1	OPCIÓN A FÍS. QUIM BIOLOXÍA	3 3
TECD	3	MÚSICA	2	PLÁSTICA	2	OPCIÓN B LATÍN ECONOMÍA	3 3
RELIXIÓN/PROX. COMPETENCIAL	1	RELIXIÓN/PROX COMPETENCIAL	1	RELIXIÓN/P. COMPETEN.	1	OPCIÓN C FOPP TECNOLOXÍA	3 3
REF. BIOLOXÍA	1	REF. FÍSICA E Q.	1	MÚSICA	2		
REF. CASTELÁN	1	REF. GALEGO	1	CUL. CLÁSICA FRANCÉS ED. DIXITAL ORATORIA CULT. FINANCEIRA	3 ¹	DIXITALIZAC. MÚSICA EXP. ARTÍST. FILOSOFÍA FRANCÉS TECNOLOXÍA INTELIXENCIA ARTIFICIAL	3 ¹
TITORÍA	1	TITORÍA	1	TITORÍA	1	TITORÍA	1

¹ escoller unha das materias

1º BACHARELATO					
CIENTÍFICO-TÉCNICO		CC.SS. E HUMANIDADES		XERAL	
L. GALEGA	3	L. GALEGA	3	L. GALEGA	3
L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3
INGLÉS	3	INGLÉS	3	INGLÉS	3
FILOSOFÍA	3	FILOSOFÍA	3	FILOSOFÍA	3
ED. FÍSICA	3	ED. FÍSICA	3	ED. FÍSICA	3
MATEMÁTICAS	4	MAT APL/LATÍN	4	MAT. XERAIS	4
BIOLOXÍA FÍSICA E QUIM. DEBUXO TEC.I TEC I	4 ¹	GREGO i ECONOMÍA Hª M.C. LIT. UNIV. MAT AP./LATÍN	4 ¹	ECONOMÍA AE. OUTRAS MODALIDADES	4 ¹
RELIXIÓN/LIBRE	1	RELIXIÓN/LIBRE	1	RELIXIÓN/LIBRE	1
OPTATIVA ²	4	OPTATIVA ²	4	OPTATIVA ²	4

¹Escoller dúas materias (4 horas cada unha)

²Escoller unha entre: Anatomía aplicada, Francés, Cultura Científica, Literatura galega s. XX e actual, TIC I, Antropoloxía, Tec. Intelixentes ou 1 das de modalidade non cursadas.

2º BACHARELATO					
CIENTÍFICO-TÉCNICO		CC.SS. E HUMANIDADES		XERAL	
L. GALEGA	3	L. GALEGA	3	L. GALEGA	3
L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3	L. CASTELÁ	3
INGLÉS	3	INGLÉS	3	INGLÉS	3
FILOSOFÍA	3	FILOSOFÍA	3	FILOSOFÍA	3
Hª ESPAÑA	3	Hª ESPAÑA	3	Hª ESPAÑA	3
MATEMÁTICAS	4	MAT APL/LATÍN	4	CC. XERAIS	4
BIOLOXÍA FÍSICA QUIMICA DEBUXO TEC.II TEC II XEOLOXÍACC.AA	4 ¹	GREGO I Hª ARTE XEOGRAFÍA MAT AP./LATÍN EMPRESA DMN	4 ¹	MOV. CULT. E ARTÍSTICOS OUTRAS MODALIDADES	4 ¹
RELIXIÓN/LIBRE	1	RELIXIÓN/LIBRE	1	RELIXIÓN/LIBRE	1
OPTATIVA ²	4	OPTATIVA ²	4	OPTATIVA ²	4

¹Escoller dúas materias (4 horas cada unha).

²Escoller unha entre: Métodos estatísticos e Numéricos, Métodos estatísticos e numéricos, Psicoloxía, 2ª Lingua estranxeira (Francés) II, TIC II, Xeografía, Hª, Arte e patrimonio de Galicia.ou 1 das de modalidade non cursadas.

En canto ás ensinanzas dos ciclos formativos, tanto os de grao básico, como medio e tamén superior, os módulos que os compoñen son os establecidos polos distintos decretos que regulan estas ensinanzas. Cómpre salientar que o centro participa no programa Erasmus+, para o que este curso

ten concedida unha axuda para os custes de mobilidade, tanto de alumnado para facer a FCT, como de profesorado para realizar cursos de formación.

6) ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO

Neste apartado recóllense dunha maneira xeral e esquemática os distintos órganos e comisións de funcionamento do centro. Nas **Normas de Organización e Funcionamento** tratarase en maior profundidade as funcións e competencias dos mesmos.

6.1) ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de funcionamento do centro, o seu nomeamento e as súas funcións, veñen determinados por lei (Lei 3/2020) e polos decretos que regulan a organización de centros de secundaria (ROC, 324/1996).

Órganos unipersoais

Director/a.

Vicedirector/a.

Xefe/a de Estudos.

Secretario/a.

Órganos colexiados

Consello escolar.

CCP

Claustro de profesores/as.

6.2) ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

6.2.1) Departamentos didácticos:

Integrados polos e polas docentes que impartan a mesma materia ou ámbito. Terán asignada unha cantidade orzamentaria do centro que dedicarán a gastos segundo as súas necesidades e coordinarán co/a administrador/a os seus investimentos.

6.2.2) Departamento de orientación:

Formarán parte do departamento de orientación o/ xefe/a do departamento, o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica, un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, intentando que existan tutores/as de todas as etapas educativas impartidas no centro, e os/as xefes/as dos departamentos de orientación dos C.E.I.P. Adscritos.

Todas as súas funcións están recollidas na **ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril.**

6.2.3) Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

Integrada polos/as xefes/as dos distintos departamentos, a persoa responsable da Dinamización lingüística, a encargada da Coordinación de FCT, o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica, a dirección do centro e a Xefatura de estudos. Tamén se incorporou ao responsable da dinamización da biblioteca, con voz pero sen voto.

É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.

6.2.4) Xuntas de avaliación:

Coordinadas polo titor/a e constituídas por todos/as os/as profesores/as do grupo e tamén pola persoa orientadora do centro. No 1º ciclo da E.S.O. (1º, 2º, 3º) tamén forma parte o/a profesor/a de pedagogía terapéutica. Tomarán decisións **de forma colexiada (sobre o alumnado ao que lle imparte materia)** sobre a promoción e titulación do alumnado, e sobre todo tipo de medidas relacionadas coa súa actividade educativa.

6.2.5) Equipo de Dinamización Lingüística (EDL)

Segundo o artigo 15º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

6.2.6) Coordinador/a TIC

A fin de poder lograr unha maior difusión das Tecnoloxías da información e comunicación no centro, establécese a figura do coordinador TIC quen terá entre outras funcións:

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Facilitar ao profesorado axuda coas tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

6.2.7) Equipo da Biblioteca:

- A biblioteca conta con un grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto de biblioteca do centro. Está coordinado pola persoa responsable da biblioteca.

6.2.8) Grupos de traballo e seminarios permanentes

Todos os cursos académicos os profesores e as profesoras que o desexen poderán constituír grupos para traballar sobre distintos ámbitos de mellora da súa práctica docente. O obxecto destes grupos será potenciar o traballo en equipo, reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe e actualizar coñecementos para a súa práctica docente.

6.2.9) Coordinación Erasmus+:

O centro conta con 2 docentes que se encargan da coordinación do programa Erasmus+, para a mobilidade de alumnado de ciclos formativos, que ten a posibilidade de facer a FCT no estranxeiro. Para este curso contamos cunha axuda económica do Ministerio para desenvolver este programa.

6.2.10) Comisión de convivencia

Está composta por representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e tamén por unha persoa

representante da titularidade do centro, na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro (**ou por delegación desta, en xefatura de estudos**) e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente. No noso IES tomouse como acordo que as reunións se fixesen no seo do Consello Escolar cando este fose convocado.

O seu funcionamento e funcións están reguladas polo *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de

cumprimento da normativa vixente.

- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

6.3) ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

A Xunta de Delegados/as estará composta polos representantes do alumnado no Consello Escolar e polo/a delegado/a de cada grupo. As súas funcións están recollidas no **Decreto 324/1996, do 26 de xuño, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria**, no título V.

Cada grupo de alumnos/as elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegado, durante o primeiro mes do curso escolar un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados, e tamén un subdelegado que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e o apoiará nas súas funcións (e o resultado constará nunha acta que entregarán en Xefatura de Estudos). As súas funcións están recollidas tamén no anterior decreto.

6.4) ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

Dadas as particularidades do centro, o horario do persoal non docente ten que organizarse en quendas de mañá e de tarde dos luns a fin de poder cubrir todo o seu horario .

O horario e o número de persoas existentes en cada quenda é o seguinte:

Conserxes:

- Mañá:** de 7:45 a 15:15 h. 2 persoas.
- Luns pola tarde:** de 16:00 a 18:30 h. 1 persoa.

Administrativos:

- Mañá:** de 7:45 a 15:15 h. 2 persoas.

Limpeza:

- Mañá:** de 9:00 a 12:45 h. 1 persoa.
- Tarde:** de 14:30 a 22:00 h. 3 persoas.

7) CONCRECIÓN CURRICULAR

A concreción curricular pódese consultar no documento específico que figura, xunto con este Proxecto educativo de Centro, na páxina do instituto, no apartado de documentación.